

In Memoriam

SUSO JARES: CIDADANÍA E DEREITOS HUMANOS

O novo espazo académico sinalado pola LOE como Educación para a Cidadanía e os Dereitos Humanos está presente como preocupación e como temática no rexistro histórico do pensamento pedagóxico e das prácticas de educación, por máis que non sexa de modo coincidente cos tratamentos actuais. Estaríamos, pois, ante un discurso e ante un espazo formativo “novo” na súa actual e valiosa configuración, pero que conta cunha longa traxectoria histórica.

Falamos dun espazo académico que se foi re-constituíndo entre os educadores do noso tempo, antes de ser formalizado no plano legal, como unha das máis nítidas preocupacións formativas. E con estes antecedentes, entendimos que esta publicación, *Sarmiento. Anuario Galego de Historia da Educación*, podería facer unha contribución significativa, aínda que limitada.

Dende o primeiro momento pensamos que o profesor Suso Jares, pola súa singular e recoñecida traxectoria académica, educadora e vital neste ámbito, debería abrir este Monográfico cunha aportación súa, esixente como procuraba realizalas, pero non foi posible máis que suxerirllelo, nun momento de enerxías vitais abaixadas. Pasou logo o que ocorre nestes casos. Esta contribución colectiva de Sarmiento é entón un pouco máis limitada. Pero, en todo caso, este número 12 de Sarmiento vai na súa memoria, que queremos honrar.

Herminio Barreiro Rodríguez

Antón Costa Rico